


Concesión de Bens - Aberto

Documento CON10I1G5	Expediente CON/61/2016	Data Creación: 02-12-16 09:00
------------------------	---------------------------	----------------------------------



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONCESIÓN DE POSTOS NA NAVE NÚMERO 5 DO MERCADO DE ABASTOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

I

DISPOSICIÓN XERAIS

1.- OBXECTO

1.1.- É a concesión do uso privativo dos postos da Praza de Abastos municipal de Santiago de Compostela, abaixo relacionados, que deberán ser destinado polos adxudicatarios as actividades de exhibición e venda de produto agroalimentario elaborado e semielaborado para o seu consumo fóra do establecemento.

- Locais nº 2,3,10,11: dimensións de 9,03 m2 cada un. (equivalencia 2 postos Mercado de Abastos).
- Locais nº 5: dimensións de 13,90 m2 cada un. (equivalencia 3 postos do Mercado de Abastos)
- Locais nº 4 e 9: dimensións de 18,75 m2 cada un. (equivalencia 4 postos do Mercado de Abastos)

Poderanse presentar ofertas a varios locais sen que o mesmo licitador poda ser adxudicatario de máis de un local, non obstante, se algún deles quedara deserto poderase excepcionar a regra anterior, sempre e cando non se exceda o número máximo de postos por titular previsto no Regulamento da Praza de Abastos.

Cando un licitador realice oferta a varios locais, deberá establecer unha orde de prioridade destes para o caso de que alcanzara a máxima puntuación e máis dun local, para isto fará uso do modelo que se inclúe no presente prego como anexo.

1.2.- O tipo de actividade a desenvolver nas casillas, será algunha das comprendidas na seguinte relación, que aínda sen ter carácter exhaustivo, as actividades serán análogas as aquí indicadas:

- produto listos para consumo baseado no elaborado e semipreparado de peixe e mariscos sempre e cando a orixe do produto sexa a propia Praza de Abastos e o principal destino dos elaborados e semipreparados o consumo en domicilio.
- Bar de zumes e produtos preparados a partir de produto hortofrutícola sempre e cando a orixe do produto sexa a propia Praza de Abastos e o principal destino dos elaborados e semipreparados o consumo en domicilio.
- Produtos listos para consumo baseado no elaborado e semipreparado de produto cárnico sempre e cando a orixe do produto sexa a propia Praza de Abastos e o principal destino dos elaborados e semipreparados o consumo en domicilio.
- Punto doce baseado na elaboración de repostería tradicional e servizo de cafés e tes para levar.
- Ultramarinos tradicional baseado na venda do chamado produto seco.

<i>Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO</i>		
Concesión de Bens - Aberto		
<i>Documento</i> CON10I1G5	<i>Expediente</i> CON/61/2016	<i>Data Creación:</i> 02-12-16 09:00

fu

1.3.- O contrato de concesión ten natureza administrativa e consiste no uso privativo e normal do dominio público dos locais na nave 5 da Praza de Abastos de Santiago de Compostela que se rexerá polo presente prego de cláusulas administrativas, o prego de prescricións técnicas e ,no non previsto neles, polo Regulamento Municipal da Praza de Abastos de Santiago de Compostela, (aprobado polo Pleno da Corporación o 29/01/2006), a Lei Reguladora de las Bases de Régimen Local , Ley 7/0985 de 2 de abril, la Ley 33/2003, de 3 de noviembre del Patrimonio de las Administraciones Públicas, o Reglamento de Bienes de las Corporaciones Locales, a normativa de aplicación en materia de seguridade alimentaria e comercio minorista e o Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector público , en canto á preparación e adxudicación do contrato.

2.- TIPO DE LICITACIÓN E CANON

A cantidade que o concesionario deberá pagar ao Concello será, como mínimo, a que se indica neste artigo, realizándose as ofertas á alza e rexeitando as proposicións que se presenten nas que se ofrezca un canon inferior ao respectivo tipo de licitación.

- Locais nº 2,3,10,11: 12.024 euros/local
- Locais nº 5: 18.036 euros/local
- Locais nº 4 e 9: 24.048 euros/local

O canon que cada un dos adxudicatarios teña que satisfacer ao Concello pola concesión do local será o que ofertara e será pagadeiro por unha sola vez no momento de formalización do contrato.

3.- DURACIÓN DA CONCESIÓN

O prazo da concesión será de 15 anos que poderán ser prorrogados por un período de cinco anos máis ata un máximo de 50 anos en total. As solicitudes de prórroga serán formuladas polos titulares cunha antelación de tres meses á finalización do prazo de vixencia da concesión. (artigo 9 do Regulamento da Praza)

4.- OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

O adxudicatario deberá exercer a actividade obxecto da concesión nas condicións recollidas neste prego e no prego de prescricións técnicas ademais de someterse ao réxime de obrigas contidas nos artigos 17 a 20 do Regulamento da Praza.

Deberán dar cumprimento aos deberes que se deriven da normativa de seguridade alimentaria.

Os dereitos dimanantes da concesión obxecto do contrato poderán transmitirse ou traspasarse nos termos dos artigos 12 e 13 do Regulamento da Praza. Os locais soamente poderán ser destinados á actividade de exhibición e venda de produto agroalimentario elaborado e semielaborado para o seu consumo fóra do establecemento, polo que a súa transmisión e traspaso, soamente se autorizará de manterse a actividade inicial.

O réxime sancionador será o contido nos artigos 21 a 26 do Regulamento da Praza e nas disposicións xerais que resulten de aplicación pola actividade desenvolvida.



5.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES: máximo 10 puntos

1. Mellor plan de explotación.

Valorarase a mellor proposta de negocio considerando tanto a súa descrición da estratexia comercial no marco da maior aportación ao desenvolvemento do tecido económico do Mercado de Abastos, como o estudio de viabilidade económica do mesmo.

Os licitadores presentarán toda aquela documentación que consideren oportuna para a valoración do criterio.

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES: máximo 23 puntos

1. Mellor prezo ofertado sobre o canon: Ata 20 puntos.

Outorgarase a máxima puntuación de 20 puntos a oferta máis alta e aplicarase ao resto das ofertas a seguinte fórmula para calcular a súa puntuación:

$$Px = PxMA * (OEX - PML) / (OEMA - PML)$$

Onde:

PX	Resultado obtido
PXMA	Puntuación económica máis elevada (20 puntos)
OEX	Oferta económica a valorar
OEMA	Oferta económica máis elevada
PML	Prezo mínimo da licitación

2. Valorarase con 3 puntos o uso do produto enogastronómico galego no desenvolvemento do negocio, con especial atención ao produto con denominación de orixe e/ou indicación xeográfica protexida. Valorarase o uso do produto enogastronómico galego sempre e cando a proposta de oferta de produtos do establecemento conte como mínimo, con un 30% de produtos orixinais ou elaborados a partir de produto enogastronómico galego, circunstancia esta que se acreditará mediante a presentación ante o Concello das cartas de compromiso orixinais asinadas polos provedores nas que quede constancia da orixe galega do produto, da denominación de orixe e/ou indicación xeográfica protexida do mesmo.

6.- FORMA DE LICITACION

<i>Dependencia</i> CON.- <i>Negociado de Contratación de Obras e Servicios</i> 64.- SPELO		
Concesión de Bens - Aberto		
<i>Documento</i> CON10I1G5	<i>Expediente</i> CON/61/2016	<i>Data Creación:</i> 02-12-16 09:00



O contrato adxudicarase por procedemento aberto con multiplicidade de criterios, de conformidade co establecido no Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aprobou o Texto Refundido da Ley de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

7- CAPACIDADE DE OBRAR E SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA OU PROFESIONAL DOS LICITADORES.

7.1.- Poderán contratar coa Administración as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 60 do TRLCSP, extremo que se poderá acreditar por calquera dos medios establecidos no artigo 73 do TRLCSP.

As empresas deberán ser persoas físicas ou xurídicas cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante certificación de inscrición nun dos rexistros profesionais ou comerciais que se indican no anexo I do Regulamento Xeral da LCAP.

As restantes empresas estranxeiras deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España do lugar do domicilio da empresa, na que se faga constar, previa acreditación pola empresa, que figuran inscritas no Rexistro local profesional, comercial ou análogo ou, na súa falta, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato así como o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 55 TRLCSP.

7.2.- Ademais dos requisitos apuntados, os licitadores deberán acreditar a súa solvencia económica e financeira, a través dos medios a que se refire o art. 75.1.a) do TRLCSP, e, polo que respecta á solvencia técnica, mediante:

- 1st) A relación dos traballos directamente relacionados co obxecto do contrato executados nos últimos cinco anos, acompañada de certificados de boa execución para as máis importantes, nos termos do artigo 78.1.a) do TRLCSP.
- 2nd) O compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para levala a cabo adecuadamente, medios que deberán detallar na súa oferta, e cuxa efectiva adscripción considérase obrigación esencial aos efectos previstos no artigo 223.g) da TRLCSP. (art. 64 TRLCSP)

Aos efectos previstos no apartado anterior, os certificados de clasificación ou documentos similares que sexan expedidos por Estados membros da Unión Europea a favor dos seus propios empresarios constituirán unha presunción de aptitude nos termos apuntados no artigo 84.1 da TRLCSP.

Tales medios de acreditación poderán ser substituídos polos que consten no certificado de inscrición no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, da Deputación Provincial da Coruña ou do concello de Santiago, que o licitador achegue, ou pola acreditación dunha clasificación suficiente.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
Concesión de Bens - Aberto		
<i>Documento</i> CON10I1G5	<i>Expediente</i> CON/61/2016	<i>Data Creación:</i> 02-12-16 09:00



7.3.- Non poderán concorrer á licitación aquelas empresas que participasen na elaboración das especificacións técnicas a que se refire o presente contrato, sempre que devandita participación poida provocar restricións á libre concorrència ou supor un trato privilexiado con respecto ao resto das empresas licitadoras. (art. 56.1 TRLCSP)

7.4.- Os que contraten coa Administración, poderán facelo por si, ou mediante a representación de persoas debidamente facultadas para iso.

Os licitadores deberán realizar, de ser o caso, o bastanteo da documentación que pretendan achegar aos efectos de acreditar a súa representación para licitar, con carácter previo á presentación da mesma. Os documentos acreditativos da representación serán cualificados polo Letrado do Servizo Xurídico Municipal ou funcionario que ostente a delegación para iso, consignándose expresamente a manifestación respecto de se a documentación achegada é bastante para que o representante exerza as facultades de licitar en relación co expediente concreto.

8.- DOMICILIO DOS LICITADORES

Nas súas propostas, os licitadores deberán sinalar un domicilio para os efectos de notificacións.

9.- PRAZO E PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

9.1.- As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela (R/ Presidente Salvador Allende nº 4, CP 15705 Santiago-A Coruña), en horas de 9 a 14, dentro do prazo de **15 días naturais** a contar desde o día seguinte á data de publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

9.2.- A presentación poderá realizarse ben persoalmente ou ben mediante envío por mensaxeira entregado dentro do prazo sinalado. Tamén poderá realizarse mediante envío por correo, nese caso o interesado deberá acreditar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío e comunicar no mesmo día ao órgano de contratación, por fax, telex ou telegrama, a remisión da proposición. Sen a concorrència de ambos os requisitos non será admitida a proposición no caso que fose recibida fose do prazo fixado no anuncio de licitación.

Non obstante, transcorridos dez días naturais desde o remate do prazo, non será admitida ningunha proposición enviada por correo.

9.3.- Os interesados poderán examinar o prego e documentación complementaria no perfil de contratante do órgano de contratación e nas oficinas da Sección municipal de Contratación.

9.4.- A presentación das proposicións presume a aceptación incondicional polo empresario da totalidade do contido do presente prego, sen excepción algunha.

10.- CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS

As proposicións constarán de 3 sobres pechados, identificados no seu exterior coa seguinte referencia do expediente "**CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE DIVERSOS POSTOS NA NAVE Nº5 DA PRAZA DE ABASTOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**" e co nome e apelidos ou razón social da empresa licitadora, números de teléfono e de fax, e dirección de correo electrónico, de dispor deles, así como coa firma do licitador ou persoa que lle represente.

<i>Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO</i>		
Concesión de Bens - Aberto		
<i>Documento</i> CON10I1G5	<i>Expediente</i> CON/61/2016	<i>Data Creación:</i> 02-12-16 09:00



O contido de cada sobre, que deberá estar relacionado en folia independente, deberá ter os requisitos que se sinalan a continuación:

11.- SOBRE Nº 1 SUBTITULADO: DOCUMENTACIÓN XERAL .

No exterior do sobre levará a lenda: **"CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE DIVERSOS POSTOS NA NAVE Nº5 DA PRAZA DE ABASTOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA."**

Este sobre conterá a seguinte documentación:

11.1.- O documento ou documentos que acrediten a personalidade do empresario e a representación, no seu caso, do asinante da proposición, na forma seguinte:

11.1.1.- Documento Nacional de Identidade, cando se trate de empresarios individuais. Se se trata de persoas xurídicas deberán presentar escritura de constitución, e de modificación no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose exixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o for, deberán presentar o documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial que fose preceptivo.

As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, haberán de acreditar a súa capacidade de obrar mediante presentación de certificación ou declaración xurada de estar inscritas nalgún dos rexistros que se indican no Anexo I do Regulamento Xeral da LCAP.

Os restantes empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola representación diplomática española no Estado correspondente, na que se faga constar que figuran inscritos no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, na súa falta, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades que constitúen o obxecto do contrato.

Así mesmo, deberán aportar informe da respectiva misión diplomática permanente española relativo a que o Estado da súa procedencia admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga ou, de tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada, que dito Estado é signatario do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio. (art. 55 TRLCSP)

11.1.2.- Cando o licitador actúe mediante representante, este deberá aportar documento fehaciente acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar, convenientemente bastantado. A aportación da mera dilixencia de bastantado do documento de apoderamento poderá suplir a aportación deste. (art. 35.f) LRJAP-PAC)

11.1.3.- Se varios empresarios acoden á licitación constituíndo unha unión temporal, cada un deles deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, indicando os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles, así como o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal de empresas en caso de resultar adxudicatarios do contrato, e a designación dun representante ou apoderado

<i>Dependencia</i> CON.- <i>Negociado de Contratación de Obras e Servicios</i> 64.- SPELO		
Concesión de Bens - Aberto		
<i>Documento</i> CON10I1G5	<i>Expediente</i> CON/61/2016	<i>Data Creación:</i> 02-12-16 09:00



único da unión con poderes bastantes para exercitar os dereitos e cumprir as obrigacións que do contrato derívense ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar as empresas para cobros e pagos de contía significativa.

Os licitadores deberán aportar a documentación acreditativa da solvencia económica, financeira de conformidade co sinalado na cláusula 4.2 do presente Prego

As empresas que liciten en unión temporal, deberán acreditar individualmente os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica.

11.2.- Testemuño xudicial, certificación administrativa ou declaración responsable do licitador outorgada ante unha autoridade administrativa ou organismo profesional cualificado, ou mediante acta de manifestacións ante notario público, de non estar incurso nas prohibicións para contratar coa Administración conforme ao artigo 60 da TRLCSP, comprendendo expresamente as circunstancias de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes (arts. 73 e 146.1.c) TRLCSP) así como de non ter débedas co Concello de Santiago de Compostela. (anexo II deste prego)

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá substituírse por declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

11.3.- Para as empresas estranxeiras, declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.

11.4.- Documentación acreditativa da solvencia técnica, de acordo co disposto neste prego.

11.5.- A presentación polo licitador do certificado de estar inscrito no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia, Deputación da Coruña ou do Concello de Santiago de Compostela, eximiralle de aportar a seguinte documentación:

- Personalidade e representación a que se refire a cláusula 13.2.1 deste prego, a condición de que a representación sexa a mesma que conste no certificado achegado. Non obstante, a Mesa de contratación poderá requirir a achega de dita documentación se fose necesaria para acreditar que o obxecto social da empresa é adecuado ao obxecto do contrato.
- Declaración responsable a que se refire a cláusula 13.2.3, salvo no que se refire á circunstancia de estar ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes así como de non ter débedas co Concello de Santiago de Compostela, respecto das que haberá que aportar, en todo caso, declaración responsable, formulada ante autoridade administrativa ou organismo profesional cualificado, ou mediante acta de manifestacións ante notario público.

O certificado do Rexistro de Contratistas deberá ir acompañado en todo caso dunha declaración responsable na que o licitador manifeste que as circunstancias reflectidas no mesmo non experimentaron variación. (art. 146.3 TRLCSP)



Toda a documentación a presentar polos licitadores haberá de ser documentación orixinal ou ben copias que teñan carácter de auténticas ou compulsadas conforme á lexislación vixente na materia.

11.2.- SOBRE Nº 2 SUBTITULADO "PROPOSICIÓN TÉCNICA PARA A CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE DIVERSOS POSTOS NA NAVE Nº5 DA PRAZA DE ABASTOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA"

Neste sobre incluírase toda a documentación precisa para a **AVALIACIÓN DOS CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES** reseñados na cláusula 5 deste prego.

A documentación que se presente neste sobre deberá ser aportada, **obrigatoriamente**, en dous formatos: en formato papel con páxinas numeradas correlativamente e en soporte informático (**dúas unidades** idénticas en CD non regravable identificadas exteriormente co nome do licitador e a denominación SOBRE Nº 2.

Se a mesa observase a ausencia dun ou dos dous CD outorgaráselle á empresa un prazo improrrogable de 3 días naturais para a súa aportación.

Tanto a documentación en soporte papel como a dos **dous** soportes informáticos terán exactamente o mesmo contido. Calquera variación ou discrepancia entre os distintos soportes **invalidará** automaticamente a oferta.

A documentación en formato papel estará numerada correlativamente e non excederá estritamente de 30 folios DIN A4, redactados en fonte de letra ARIAL e tamaño 10 (ou similar perfectamente lexible) a unha soa cara ou ben a dobre cara pero sempre sen superar o citado límite de 30 folios.

Non obstante o anterior, admitírase a presentación de diagramas, planos ou cadros explicativos en formato DIN A3 no caso de que resulten ilexibles ou incompletos no formato DIN A4, se ben sempre sen exceder do límite máximo de 30 folios.

Exclúense do cómputo os separadores ou portadas dos diferentes apartados que conforman os criterios non avaliados mediante cifras.

As proposicións que excedan o volume máximo de folios sinalado nos apartados anteriores serán automaticamente **non serán tidas en conta na valoración co criterio**.

Neste sobre non se incluírá documentación que poida facer referencia, en ningún caso, ás condicións económicas do contrato ou ás melloras que se ofrecen, que serán valoradas nunha posterior fase da licitación. O incumprimento deste requirimento será motivo de exclusión da licitación.

A documentación a presentar axustarase estritamente a estrutura de apartados e subapartados definida na cláusula de criterios calificados como de valoración técnica neste prego, ós efectos de facilitar o seu estudo e análise polo técnicos municipais correspondentes.

Será motivo de **exclusión** da licitación, o feito de que a documentación incluída neste sobre **non esté subsrita na súa totalidade polo licitador, ou non vaia acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador**, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. Esta deficiencia unicamente poderá ser subsanada coa presenza do apoderado da empresa no acto público de apertura deste sobre.

<i>Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios</i> <i>64.- SPELO</i>		
Concesión de Bens - Aberto		
<i>Documento</i> CON10I1G5	<i>Expediente</i> CON/61/2016	<i>Data Creación:</i> 02-12-16 09:00



11.3.- SOBRE Nº 3: SUBTITULADO: "PROPOSICIÓN ECONÓMICA PARA PARA A CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE DIVERSOS POSTOS NA NAVE Nº5 DA PRAZA DE ABASTOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA" CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES.

De presentar oferta a máis de un local, incluírase un modelo de proposición económica do anexo I para cada un dos locais, ademais do anexo II cuberto ca orde de prioridade nos locais aos que se oferta

O contido da oferta económica será redactado segundo o modelo anexo ao presente prego, sen erros ou tachaduras que dificulten coñecer claramente o que o órgano de contratación estime fundamental para considerar as ofertas, e que, de producirse, provocarán que a proposición sexa rechazada. **Serán rexeitadas así mesmo as proposicións que ofrezan un canon inferior ao tipo de licitación especificado na cláusula 2 deste prego.**

Neste sobre incluírase tamén a documentación que permita a valoración dos criterios avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes distintos do canon, contidos na cláusula 5 do presente prego.

12.- GARANTÍA PROVISIONAL

Non se esixe.

13.- MESA DE CONTRATACIÓN

A Mesa de contratación estará integrada por:

Presidente: A Concelleira delegada de Mercados ou, no seu defecto, calquera outro concelleiro/a no que expresamente delegue o Sr. Alcalde.

Vocais:

- Un representante de cada grupo político municipal.
- A xefe de servizo de contratación e servizos comunitarios.
- A técnico de Promoción económica.
- O Director da Asesoría xurídica Municipal, ou persoa que o substitúa.
- O interventor municipal de fondos, ou persoa que a substitúa.

Actuará como Secretario o Xefe de Sección de Contratación.

Ós efectos de axilidade no procedemento, as reunións da mesa de contratación serán convocadas ós seus membros vía fax ou correo electrónico.

14.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL

Concluído o prazo de presentación de proposicións, a Mesa de contratación procederá á cualificación da documentación xeral presentada polos licitadores contida no SOBRE Nº 1, e se observase defectos materiais na documentación presentada, notificarao por fax, telegrama ou correo electrónico ao licitador correspondente, deixando constancia de dita notificación no expediente, concedéndolle un prazo non superior a tres días hábiles para que o emende. Agora ben, se a

<i>Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios</i> <i>64.- SPELO</i>		
Concesión de Bens - Aberto		
<i>Documento</i> CON10I1G5	<i>Expediente</i> CON/61/2016	<i>Data Creación:</i> 02-12-16 09:00



documentación dun licitador contivese defectos substanciais ou deficiencias materiais non subsanables, non será admitido á licitación.

Á marxe da subsanación a que se refire o parágrafo anterior, a Mesa de contratación, a efectos de completar a acreditación da solvencia dos licitadores, poderá solicitar destes as aclaracións que estime oportunas sobre as certificacións e documentos presentados, así como requirilos para a presentación doutros documentos complementarios, requirimento que deberá ser cumprimentado no prazo máximo de cinco días naturais e sempre antes da declaración de admisión das proposicións.

15.-APERTURA DE PROPOSICIÓN E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

15.1.- A Mesa de contratación, unha vez cualificada a documentación do SOBRE Nº 1 e realizadas as subsanacións e, no seu caso, achegadas as aclaracións ou documentos complementarios requiridos, ou transcorrido o prazo que se conferiu ao efecto, convocará apertura pública do SOBRE Nº 2 que terá lugar nun prazo non superior a 7 días a contar desde a apertura do SOBRE Nº 1 e a convocatoria publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación cunha antelación mínima de *3 días hábiles* a súa celebración

Constituída a Mesa de contratación na data sinalada, e iniciado o acto público, o presidente dará conta do exame da documentación administrativa sinalando aqueles licitadores non admitidos e o motivo da súa exclusión.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

Antes da apertura da primeira proposición convidaráselles aos licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedendo a mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida aquela facerse cargo de documentos que non se entregasen durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

15.2.- No prazo máximo de 20 días hábiles a contar desde a apertura do SOBRE Nº 2 realizarase a avaliación dos criterios ós que se refire a documentación deste , e tras solicitar, no seu caso, os informes técnicos que se estimen oportunos, fixarase a data e lugar no que se levará a cabo a apertura en acto público do SOBRE Nº 3, que contén os criterios de adxudicación avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes, convocando ós licitadores cunha antelación mínima de *3 días hábiles* a través do perfil de contratante do órgano de contratación

Constituída a Mesa de contratación na data sinalada, e iniciado o acto público, o presidente dará conta do informe de avaliación das ofertas presentadas

A continuación, o Secretario da Mesa procederá á apertura do SOBRE Nº 3 dos licitadores admitidos, dando lectura ás proposicións económicas.

Concluída a apertura das proposicións, o Presidente da Mesa invitará de novo ós licitadores asistentes a que expoñan cantas observacións ou reservas estimen oportunas en relación co acto celebrado.

A continuación, darase por concluído o acto público de apertura de proposicións, de cuxo desenvolvemento deixarase constancia na acta da reunión da Mesa.

<i>Dependencia</i> CON.- <i>Negociado de Contratación de Obras e Servicios</i> 64.- SPELO		
Concesión de Bens - Aberto		
<i>Documento</i> CON10I1G5	<i>Expediente</i> CON/61/2016	<i>Data Creación:</i> 02-12-16 09:00



A Mesa de contratación, tras solicitar, no seu caso, os informes técnicos que estime oportunos, elevará ao órgano de contratación a proposta de adxudicación razoada que estime adecuada, acompañada das actas das súas reunións e da documentación xerada nas súas actuacións e, no seu caso, dos informes emitidos. Dita proposta non crea dereito algún mentres o órgano de contratación non dite a resolución de adxudicación.

16.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA A ADXUDICACIÓN

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato, e de constituír a **garantía definitiva por importe do 5% do canon ofertado..**

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e perdas causados á Administración.

A garantía definitiva poderá constituírse en metálico, mediante aval, en valores públicos ou en valores privados, por contrato de seguro de caución, ou por retención de parte do prezo, na forma e condicións establecidas nos artigos 55 e seguintes do Regulamento Xeral da LCAP, debendo depositarse o seu importe, ou a documentación acreditativa correspondente, na Tesourería Municipal.

Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

A acreditación de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias realizarase presentando a seguinte documentación, de acordo cos artigos 13 e 15 do Regulamento Xeral da LCAP:

- De ser o caso, último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou o documento de alta no mesmo, cando esta sexa recente e non xurdira aínda a obrigación de pago. O alta deberá aportarse en todo caso cando no recibo non conste o epígrafe da actividade. Esta documentación deberá estar referida ao epígrafe correspondente ao obxecto do contrato que lles faculte para o seu exercicio no ámbito territorial en que as exercen, debendo complementarse cunha declaración responsable do licitador de non terse dado de baixa na matrícula do citado Imposto.
- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Administración do Estado, polo que respecta ás obrigacións tributarias con este último.
- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Xunta de Galicia, polo que respecta ás obrigacións tributarias coa Administración Autonómica Galega.

O licitador que non estea obrigado a presentar todas ou algunha das declaracións ou documentos correspondentes ás obrigacións tributarias que se relacionan no artigo 13 do Regulamento Xeral da LCAP, haberá de acreditarlo mediante declaración responsable.

<i>Dependencia</i> CON.- <i>Negociado de Contratación de Obras e Servicios</i> 64.- SPELO		
Concesión de Bens - Aberto		
<i>Documento</i> CON10I1G5	<i>Expediente</i> CON/61/2016	<i>Data Creación:</i> 02-12-16 09:00



A acreditación de non ter débedas co Concello de Santiago de Compostela realizarase presentando certificación, expedida polo propio ente municipal, xustificativa de tal circunstancia.

A acreditación de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións coa Seguridade Social realizarase mediante certificación expedida pola autoridade administrativa competente. No suposto que deba terse en conta algunha exención, haberase de acreditar tal circunstancia mediante declaración responsable.

As certificacións a que se refiren as cláusulas anteriores deberán ser expedidas de acordo co disposto no artigo 15 do Regulamento Xeral da LCAP.

Os estranxeiros, sexan persoas físicas ou xurídicas, pertencentes ou non a Estados membros da Unión Europea que non teñan domicilio fiscal en España, deberán presentar certificación expedida por autoridade competente no país de procedencia, acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das correspondentes obrigacións tributarias. Así mesmo, haberán de presentar certificación, tamén expedida por autoridade competente, na que se acredite que están ao corrente no cumprimento das obrigacións sociais que se esixan no país da súa nacionalidade. Toda a documentación relacionada neste apartado haberá de referirse aos doce últimos meses.

17.- ADXUDICACIÓN

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación á que se refiren os artigos precedentes. Na adxudicación terase en conta o sinalado no artigo 1.1 deste prego.

Non poderá declararse deserta a licitación cando exista algunha oferta ou proposición que resulte admisible de conformidade cos criterios que figuran nos prego.

A adxudicación será motivada, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

A adxudicación deberá recaer no prazo máximo de quince días a contar desde o seguinte ó de apertura das proposicións.

18.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

O adxudicatario queda obrigado a subscribir, dentro do prazo de 15 días hábiles a contar desde o seguinte á data de recepción da notificación da adxudicación na forma prevista no artigo 151.4 da TRLCSP, o documento administrativo de formalización do contrato, ao que se unirá un exemplar do prego de cláusulas administrativas particulares e, de habelo, do das prescricións técnicas.

Cando o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, dentro do mesmo prazo e con anterioridade á firma do contrato, deberá aportar escritura pública de constitución como tal. (art. 59 TRLCSP).

O documento en que se formalice o contrato será en todo caso administrativo, sendo título válido para acceder a calquera rexistro público.

Non obstante, o contrato poderá formalizarse en escritura pública cando así o solicite o contratista, sendo á súa costa os gastos derivados do seu outorgamento.

Concesión de Bens - Aberto

Documento CON10I1G5	Expediente CON/61/2016	Data Creación: 02-12-16 09:00
------------------------	---------------------------	----------------------------------



Non poderá iniciarse a **execución** do contrato sen a formalización do mesmo.

19.- RESPONSABILIDADE.

Danos.- Correrá por conta do contratista a responsabilidade derivada de todos os danos, perdas e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas por causa da utilización do obxecto da concesión.

O adxudicatario deberá contar cun seguro de responsabilidade civil que cubra os eventuais danos a terceiros, debendo estar en posesión do xustificante do pago da prima actualizado. Así mesmo deberá concertar un seguro de danos do local que cubra os eventuais riscos derivados da actividade que desenvolve. O adxudicatario deberá aportar copia actualizada de cada un dos seguros.

20.- OUTROS GASTOS

Serán de conta do concesionario a totalidade dos gastos precisos para o desenvolvemento da súa actividade incluso os gastos de luz, auga, lixo, gas, telecomunicacións etc.

Tendo en conta que consonte ao establecido nos artigos 7 e 8 do Regulamento da Praza de Abastos o réxime de funcionamento do mercado de abastos no que se ubican os locais está na actualidade baixo a responsabilidade dunha empresa xestora contratada polo Concello, é esta a que se responsabiliza da boa xestión do recinto polo que os concesionarios deberán acatar as súas instrucións.

Á empresa xestora deberán abonarlle o prezo mensual por ocupación dos locais consonte aos importes aprobados polo Concello que para o ano 2016 está fixado en 97,97 euros/casilla, polo que para os locais nº 2,3,10,11 ascende a 195,94 euros; para os locais nº 5,6,7 e 8 ascende a 293,91 euros e para os locais nº 4 e 9 ascende a 391,88 euros .

21.- GASTOS DE ANUNCIOS E TRIBUTOS

O adxudicatario virá obrigado a pagar todos os gastos derivados da publicación dos anuncios de licitación, e de ser o caso, doutros que se puidesen inserir por causa do obxecto do contrato ou en cumprimento da lexislación vixente, ata un máximo de 1.200 euros.

Asemade deberá pagar todos os impostos, contribucións **taxas** e prezos públicos que recaian sobre o contrato ou, se é o caso, sobre o seu obxecto.

22.- CADUCIDADE, REVOGACIÓN E RESCATE

Estarase ao disposto nos artigos 14 a 16 do Regulamento da Praza de Abastos.

23.- RÉXIME XURIDICO DO CONTRATO

Este contrato ten carácter administrativo especial e as partes quedan suxeitas ao Regulamento municipal da Praza de Abastos , á Lei 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas, ó Regulamento de bens das entidades locais aprobado por Real decreto 1372/86, do 13 de xuño, ó Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aprobou o Texto Refundido da Ley de Contratos do Sector Público (TRLCSP), así como ao Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, en tanto continúe

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
Concesión de Bens - Aberto		
<i>Documento</i> CON10I1G5	<i>Expediente</i> CON/61/2016	<i>Data Creación:</i> 02-12-16 09:00



vixente, ou ás normas regulamentarias que lle substitúan, e ás cláusulas contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares.

Así mesmo, serán de aplicación as demais disposicións estatais que regulan a contratación do sector público, e as ditadas pola Comunidade Autónoma de Galicia, no marco das súas respectivas competencias.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación e resolución do contrato, e efectos desta, serán resoltas polo órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa, e serán inmediatamente executivos, podendo ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou, ou ser impugnado mediante recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto na Lei reguladora de dita Xurisdición.

Concesión de Bens - Aberto

Documento CON10I1G5	Expediente CON/61/2016	Data Creación: 02-12-16 09:00
------------------------	---------------------------	----------------------------------



Anexo I

MODELO DE PROPOSICIÓN

D./Da _____, con domicilio en _____, e DNI núm. (ou pasaporte que o substitúa) _____, actuando en nome propio (ou en representación de _____), toma parte no procedemento aberto para a **"Concesión de postos na nave número 5 do Mercado de Abastos de Santiago de Compostela" Local.....** e fai constar:

- 1) Que ofrece o prezo de _____ euros que supoñen _____ euros de alza en relación co tipo de licitación para o local nº.....
- 2) Que coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos pregos de condicións deste contrato.
- 4) Que achega a documentación esixida no prego de condicións.

En _____, a _____ de _____ de 2016.

O licitador
(asinado e rubricado)

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
Concesión de Bens - Aberto		
<i>Documento</i> CON10I1G5	<i>Expediente</i> CON/61/2016	<i>Data Creación:</i> 02-12-16 09:00



Anexo II
ORDE DE PRIORIDADE

D./D^a _____, en nome e representación de _____, licita para a "**Concesión de postos na nave número 5 do Mercado de Abastos de Santiago de Compostela**" aos seguintes locais pola seguinte orde de prioridade:

<u>ORDE</u>	<u>LOCAL</u>
Nº 1	
Nº 2	
Nº 3	
Nº 4	
Nº 5	
Nº 6	
Nº 7	

En _____, a _____ de _____ de 2016.

O licitador
(asinado e rubricado)

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
Concesión de Bens - Aberto		
Documento CON10I1G5	Expediente CON/61/2016	Data Creación: 02-12-16 09:00



INFORME DO DEPARTAMENTO DE CONTRATACIÓN

Visto o expediente denominado **“Concesión de postos na nave número 5 do Mercado de Abastos de Santiago de Compostela”** quen subscribe informa que, de acordo co previsto no artigo 5.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante TRLCSP).

Trátase dun contrato de concesión de natureza administrativa consistente no uso privativo e normal do dominio público dos locais na nave 5 da Praza de Abastos de Santiago de Compostela que se rexerá polo presente prego de cláusulas administrativas, o prego de prescricións técnicas e ,no non previsto neles, polo Regulamento Municipal da Praza de Abastos de Santiago de Compostela, (aprobado polo Pleno da Corporación o 29/01/2006), a Lei Reguladora de las Bases de Régimen Local , Ley 7/0985 de 2 de abril, la Ley 33/2003, de 3 de noviembre del Patrimonio de las Administraciones Públicas, o Reglamento de Bienes de las Corporaciones Locales, a normativa de aplicación en materia de seguridade alimentaria e comercio minorista e o Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector público, en canto á preparación e adxudicación do contrato.

O contido do prego de cláusulas administrativas particulares axústase ao establecido na TRLCSP na medida na que se define o obxecto do contrato, as necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato e réxime xurídico deste, os criterios de adxudicación coa súa correspondente ponderación, a duración concreta do mesmo e a existencia de crédito orzamentario con cargo ó que se aboará o prezo que aparece expresado claramente con individualización separada do importe do IVE.

Analizado, pois, o prego de cláusulas administrativas particulares, infórmase que cumpre coa totalidade dos requisitos esixidos pola TRLCSP e a súa normativa de desenvolvemento, en atención ó procedemento de adxudicación do contrato.

O expediente de contratación, de tramitación ordinaria, ven referido á totalidade do obxecto do contrato e incorpora os documentos ós que se refire o artigo 109 da TRLCSP polo que unha vez fiscalizado pola Intervención municipal dictarase acordo pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela aprobando o mesmo e dispoñendo o inicio do procedemento de contratación.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2016

A XEFE DE SERVIZO DE CONTRATACIÓN

Asdo.: Rocio Montañés Fernández



Conforme o director da asesoría xurídica,



Asdo.: Xaquín Monteagudo Romero